

A primeira imaxe da arribada a Buenos Aires é a daquela xente toda mirando a terra coa ollada retida noutro tempo e noutro lugar que deixaran obrigados por circunstancias alleas á súa vontade. Aquela imaxe volveume á nenez, á visión da pobreza de centos e centos de emigrantes a agardar para embarcaren no peirao de Vigo que, día tras día, fitaba desde a xanela do meu confortábel fogar. Continuaba a ser unha muller privilexiada. Era ben consciente. A miña era unha emigración voluntaria que nada tiña que ver coa emigración obrigada por causa da pobreza e da fame. A miña viaxe, acompañada do home que eu escollera para vivir e compartir vida e futuro, axudárame a ampliar coñecementos e coñecer novos mundos moito máis avanzados que me permitirían amplificar o saber. Aqueloutras caras denotaban sufrimento e dor por todo o que deixaban atrás e infortunio e desasosego perante un futuro incerto que para moitos, moitísimos, rematou sempre ao carón das ilusións perdidas contra a soidade, a miseria ou mesmo a propia morte. Poucos foron os triunfadores, moitos os desherdados e derrotados en vida que nin sequera alén mar conseguiron unha vida digna. Debemos ser nós a voz do seu silencio e das súas bágoas de impotencia.

Do libro *Vivir unha aventura irrepitíbel*.
Biografía de María de María do Carme Kruckenberg
Editorial Galaxia, 2011, pp. 79-80